

ACORDO do 4 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a declaración de utilidade pública, en concreto, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico) do proxecto de execución LAT 132 kV SET PE Serra da Lagoa- SET PE Navалlos (expediente IN408A/2020/117). DOG Núm. 64, do 1 de abril de 2022. Fin prazo para alegacións: 18/05/2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220401/AnuncioG0596-070322-0009_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/instalacions-xeracion/lat-serra-lagoa>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
proxecto de execución da LAT 132 kV SET PE Serra da Lagoa- SET PE Navалlos	Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Baralla e Castroverde (Lugo)	Liña de evacuación da enerxía eléctrica xerada polo PE Serra da Lagoa de 132 kV de tensión nominal, cunha lonxitude de 7.862,69 m e un trazado que discorre polos concellos de Barralla e Castroverde. Conta cun único tramo aéreo que parte do vértice 1 coincidente co pórtico de saída da SET PE Serra da Lagoa e finaliza no vértice 10 que se corresponde co pórtico de chegada á SET PE Navалlos con condutor de simple circuíto con armado en triángulo do tipo 94-AL1/22-ST1A (LA-110) e cable de garda OPGW 92-AL3/28-A20SA/ST-48FO.

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) das instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

- O proxecto de execución (visado ICOIIG nº 20202206 con data do 1.9.2020).
- A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados (RBDA-visado ICOIIG nº 20220185 con data do 27.1.2022), que figura no anexo I a este acordo.
- Planos dos predios afectados (RBDA-visado ICOIIG nº 20220185 con data do 27.1.2022).
- O estudo de impacto ambiental (EIA, asinado o 16.7.2021).
- O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico, visado ICOIIG nº 20202210 con data do 1.9.2020).